

SOLICITUDE DE AER PARA A COMPARECENCIA DO ALCALDE EN RELACIÓN CO PLAN DE XESTIÓN MEIRANDE

PLENO 28 NOVEMBRO 2013. ACTA 20/2013

ANTECEDENTES

Solicitud presentada polo grupo municipal de AER o día 30/10/2013, con número de rexistro 14942:

“Vendo que pedimos por rexistro o Plan de xestión do Museo Meirande, e deronnos un borrador do proxecto, pero ningún proxecto definitivo que debe existir para abrir o museo, que seguen sen dárnolo. Solicitamos a comparecencia do alcalde para que nos explique cal é o Plan de xestión de Meirande, incluíndo os contratos con empresas que vaian a operar dentro do complexo museístico de Meirande.”

O alcalde sinala que o propio proxecto do Meirande contén un plan de xestión en relación ao museo pero faltan cousas por facer, como os accesos, a cafetería , local para a asociación de Rande ..etc. Decidiron polo en funcionamento para analizar os custes á fin de axustarse orzamentariamente á realidade. Di que o contrato de limpeza o leva ALMI e ten o persoal que ven da Deputación. Están analizando os gastos de calefacción e electricidade e que o ritmo de visitas é satisfactorio con moitos colectivos, colexios e máis de 3000 persoas polo de agora, con reservas ata abril. Pensan realizar enquisas para valorar o que se pode mellorar. Están recabando datos para logo axustar o tema.

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que non saben cal vai a ser o modelo de explotación, regulamento interno, estatutos, plan de financiamento....xa que teñen moitas dúbidas. O alcalde sinala que non tiñan orzamento para polo en marcha de acordo co previsto. Non teñen convenio coa asociación cultural xa que está pendente da autorización da autoridade portuaria.

A cafetería hai que ter coidado porque é unha obra do FEDER. Indica que o que fan é recabar datos xa que é a primeira vez que Redondela ten un establecemento deste tipo.